

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1GB	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 31-07-15 11:56

Número 26 .- Adxudicación definitiva do Servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela a empresa TELVENT.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de xullo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 26 .- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO E DO TUNEL DO HÓRREO NO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA A EMPRESA TELVENT.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta da xefa de servizo de Tráfico, de data 2 de xullo de 2015, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/540, de data 23 de xullo de 2015, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

EXPEDIENTE: *Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela.*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato a TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.*

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1GB	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 31-07-15 11:56

Primeiro: Con data 8 de xuño de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE SA.**

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 10 de xuño, requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 2 de xullo celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de contratación de data 8 de xuño, procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de **432.852,82 euros/ano** (IVE aparte 21%: 90.899,09 euros/ano), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 240.000 euros.
Anualidade 2016: 523.751'91 euros.
Anualidade 2017: 283.751'91 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1GB	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 31-07-15 11:56

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de **432.852,82 euros/ano** (IVE aparte 21%: 90.899,09 euros/ano), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015: 240.000 euros.
Anualidade 2016: 523.751'91 euros.
Anualidade 2017: 283.751'91 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

